

«Arraianos» estuda as relacións entre galegos e lusos

| SANTIAGO/LA VOZ. | 17/9/2010

As relacións entre galegos e portugueses a través da lingua, de manifestacións culturais diversas, dos Camiños de Santiago, da ecoloxía, a literatura, a fotografía e as artes, a economía, o turismo ou a política son estudadas no número 8 da revista **Arraianos**, publicada en Compostela pola editora Alvarellos.

Diversos especialistas, con traballos trilingües -en galego, portugués e castelán- elaboran e asinan 51 traballos, distribuídos en 192 páxinas, onde o tema da fronteira ten especial destaque.